

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 24 DE AGOSTO DE 2015

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/1992/2014.- HERMANOS LIÑARES BAR Y OTROS SL.- Conceder licenza para realizar a reforma de planta baixa e anexo de edificación no inmovible sito na Rúa Porta da Pena, 17.

PARCELACIÓNS E SEGREGACIÓNS

LIC/1989/2014.- JESUS LATA RODRIGUEZ.- Conceder licenza de parcelamento dunha parcela sita en Lugar de Zaramacedo en dúas parcelas de resultado.

LIC/712/2015.-CARMEN LÓPEZ COBAS.- Conceder licenza para parcelar unha finca sita Rúa da Mira en sete parcelas de resultado.

LIC/121/2015.- MANUEL VIGO TARRÍO.- Conceder licenza de segregación da parcela nº 2103 do Plano de Concentración Parcelaria de Sabugueira Carballal en dúas parcelas de resultado.

LIC/2103/2014.- FINK ORFEBRES SL.- Conceder licenza de parcelamento dunha parcela sita en Rúa da Cañoteira nº21 en dúas parcelas de resultado.

LIC/993/2015.- CONSTRUCCIONES VAL DO DUBRA, SL.- Conceder licenza de parcelación das parcelas 978 e 977 sitas en Rúa Coto da nai.

LIC/1959/2014.- CARMEN CASTRO NIETO.- Conceder licenza de segregación as parcelas iniciais nº 14, 13.1, 13.2 do plano xeral de Concentración parcelaria de Ponte Albar, San Juan de Fecha en tres parcelas de resultado.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/2053/2014.- VICTOR RIOS NOYA.- Rectificar de oficio o acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela na sesión do 10 de xullo de 2015, no sentido de aclarar e para facer constar que onde dí "... por importe de 1.500,00 euros, número de operación 320090005796 de data 02/11/2009..." debe decir "... por importe de 1016,70 euros e outra por importe de 1.500,00 euros", ratificando as restantes disposicións da resolución concedida.

LIC/2076/2014.- ANA BELÉN RODRIGUEZ PARAFITA- Acceder á devolución da fianza depositada por importe de 817,38 € para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/2168/2000 relativas ás obras de construción de vivenda unifamiliar da Rúa Vilares 74.

LIC/759/2015.-MARIA TERESA SEXTO LISTE.- Acceder á devolución da fianza depositada por importe de 7367,21 € para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/181/2001 relativo ás obras de construción de vivenda unifamiliar na rúa de San Marcos, 35.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforma de planta baixa e anexo de edificación no inmovible sito na rúa Porta da Pena, 17. (LIC/1992/2014.)

(Ver listado previo LICENZAS: FAVORABLES)

3 a 8.- Propostas do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativas á solicitude de licenza de parcelamento e segregación.

(Ver listado previo LICENZAS: PARCELACIÓNS E SEGREGACIÓNS)

9.- Propostas do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativas á devolución de fianzas.

(Ver listado previo LICENZAS: DEVOLUCIÓNS DE FIANZAS)

10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á rectificación de erro detectado no acordo da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela na sesión do 10 de xullo de 2015.

Rectifícase un erro relativo ao importe de dúas fianzas. (Ver listado previo LICENZAS: DEVOLUCIÓN DE FIANZAS)

11.- Expediente TXX/497/2015 - Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre actividades económicas.

Concédesse unha bonificación do 30% no devandito imposto a un establecemento comercial.

12.- Aprobación da listaxe provisional para a adxudicación de autorizacións de venda ambulante no mercado de Salgueiriños.

Apróbase a devandita listaxe, integrada por 2 licenzas de pulpería ou elaboración de comida rápida; 2 de churrería; 25 de produtos hortofrutícolas; 5 de floristaría e planta viva; 5 de artesanía; 10 de xamóns, embutidos e salazóns; 5 de mobles e produtos de equipamento do fogar, artigos de segunda man; e 11 de téxtil e calzado.

13.- Solicitud da USC relativa ao préstamo temporal de diversos documentos pertencentes ao Concello para a celebración da exposición "Eugenio Montero Ríos e a Compostela do seu tempo".

Autorízase a saída en préstamo de varios documentos pertencentes ao Fondo Municipal para a devandita exposición.

14.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á rectificación de erro no informe-proposta da xefa de sección de Servizos Sociais e no punto número 16.5 do acordo da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela de 5 xuño de 2015.

Rectifícase un erro relativo aos meses de percepción dunha axuda.

15.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á baixa na prestación económica municipal (MAPIS).

Apróbase a baixa na prestación a unha perceptora por traslado de domicilio a outro municipio.

16.- Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativas a concesión de axudas do Programa Santiago Suma de Inclusión Social.

Apróbanse tres axudas de manutención, por importe de 1.621,50, 2.270,10 e 1.167,48 euros.

17.- Propostas do concelleiro substituto da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativas a concesión de axudas do Programa Santiago Suma de Inclusión Social.

Apróbanse catro axudas: unha de aloxamento, de 555 euros; outra de manutención e aloxamento, de 1.258,40 euros; e dúas de manutención, de 1.945,80 e 1.621,50 euros.

18.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde para dar conta da liquidación do 2º Trimestre 2015 polas persoas dependentes atendidas no Servizo Municipal de Axuda no Fogar.

Dáse conta da devandita liquidación, por importe de 134.936,13 euros.

19.- Aceptación de subvención da xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar para a realización do obradoiro de emprego "ECOTUR XUVENIL".

Acéptase a devandita subvención, por importe de 305.212,10 euros. O Concello achegará outros 50.000 euros. Este obradoiro permitirá a 34 alumnos/as formarse nas especialidades formativas de instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes (12 alumnos/as), pavimentos e albanelería de urbanización (11 alumnos/as) e colocación de pedra natural (11 alumnos/as), así como a realización do acondicionamento de sendas peonís de Galeras e Ponte Albar (Rota dos Ríos) e Brañas do Sar.